
TERRA DE NINGUÉN

Texto de **MARÍA JOSÉ FLORIANO**

Ilustracións de **FEDERICO DELICADO**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 48 páx. 16 €

Terra de ningúen (galego)

ISBN 978-84-1343-161-1. Álbum ilustrado. MareMar.

El Gallinero (castelán)

ISBN 978-84-1343-162-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Terra de ningú (català)

ISBN 978-84-18558-47-4. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor.

Artistak gara gu (euskara)

ISBN 978-84-9172-293-9. Album irudidunak. Egile lanak.

Terra de ningúem (português)

ISBN 978-984-749-160-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

La terra di nessuno (italiano)

ISBN 978-84-1343-151-2. Albo illustrato. Gli albi di autore.

Cada día xogamos a esquivar ratas, xiringas, restos de fogueiras.

No meu poboado somos acróbatas.

Buscamos o equilibrio entre os fíos de cobre...

«Terra de ningúen» transcorre na Cañada Real, o asentamento chabolista de maiores dimensións en toda Europa. O núcleo deste poboado marxinal é o escenario do impactante relato de María José Floriano, que converte en literatura a dura realidade de milleiros de persoas a través da mirada sinxela, doce e creativa da infancia. Unha obra imprescindible, audaz e comprometida cos excluídos da sociedade, que lles dá voz ás nenas e aos nenos que viven nesas contornas, e que achega visibilidade a unha problemática enquistada dende hai anos, entre o desmantelamento parcial das construcións e o realoxamento das familias.

Destaca a dimensión metafórica que os protagonistas lle dan á súa vida cotiá xogando a oficios circenses en condicións de risco e perigosidade, e facendo extensible ese carácter lúdico ao ámbito dos adultos, que transcorre entre a supervivencia dos máis vulnerables e as actividades á marxe da lei. E a pesar da falta de recursos, son nenas e nenos con resiliencia e esperanza, que utilizan o pouco que teñen para desenvolver a súa imaxinación, que proxectan os seus sonhos, emocións, dúbidas e ilusións.

O texto complementase á perfección coas ilustracións realistas de Federico Delicado, cheas de detalles alegóricos: son as imaxes as que traen ao plano da realidade a dimensión simbólica das palabras.



■ **Temática:** a infancia en condicións de exclusión social.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** pobreza, marxinalidade, desigualdade, xustiza social, solidariedade, dignidade humana, dereitos da infancia; afectos, amizade, familia, xogos, creatividade, imaxinación; outras obras de Federico Delicado: «Ícaro», «Unha longa viaxe», «O bolero de Ravel», «O neno bisesto», «Axente X.99», «Mundinovi», «Escritos en la guerra» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/terra-de-ninguen-g>

María José Floriano

(Madrid, 1976)

Licenciada en Comunicación Audiovisual, traballou como xornalista en varias emisoras de radio, cadeas de televisión e produtoras como Prisa Internacional, El Mundo TV ou Antena 3. Actualmente dedícase á súa faceta literaria como autora, imparte conferencias e talleres de escrita, e desenvolve actividades de creatividade e animación lectora a través de encontros e clubs de lectura con público de todas as idades.

<http://www.tirandodelrizo.com/>

Federico Delicado

(Badaxoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. En 1980 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil. Entre as distincións que recibiu destacan o Premio Lazarillo 2020 e o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Ícaro», que tamén figura nas listas de honra The White Ravens 2015 e IBBY (ilustración) 2016 e Fundación Cuatrogatos 2016.

<https://www.instagram.com/delicadofederico/>

